

**Non se deben depositar neste recipiente** tapas, tapóns e cortizas, así como vidros especiais (restos de cristalerías, parabrisas de coches, cristais de fiestras, espellos, etc).

## CONTADOR XENÉRICO

Debes depositar os seguintes materiais:

- Cueiros e compresas
- Bastoncillos de algodón.
- Toallíñas refugables.
- Papel de aluminio sucio.
- Perchas de plástico.
- Louza rota.
- Coiro.
- Bolígrafos.
- Papeis e cartóns manchados, incluídos panos de papel usados.
- Pequenos obxectos plásticos, metálicos ou de madeira de uso na casa que non sexan envases.
- Envases de cerámica.
- Espellos e cristais de fiestras.
- Disquetes, CD, cintas de vídeo, son.
- Xoguets de plástico.
- Lámpadas incandescentes.

### CONTADOR AZUL



### IGLÚ VERDE



### CONTADOR XENÉRICO



### CONTADOR DE PILAS



### CONTADOR AMARELO



### PUNTO LIMPO



No caso de que as condicións da nosa vivenda non sexan proclives para a fabricación de compost ou non dispoñamos dos medios necesarios, a materia orgánica debe depositarse tamén neste contedor.



CONCELLO DE  
BOQUEIXÓN



XUNTA  
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



galicia

#### “ADQUISICIÓN E SUMINISTRO DE COMPOSTEIROIS INDIVIDUAIS NO CONCELLO DE BOQUEIXÓN”

Proxecto subvencionado ao amparo das axudas destinadas a entidades locais de Galicia para a financiación de actuacións en materia de residuos de competencia municipal

Contribuír á conservación do medio ambiente e patrimonio cultural

Operación cofinanciada pola Unión Europea,  
a través do FONDO EUROPEO  
DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER)

PROGRAMA OPERATIVO  
**FEDER GALICIA**  
2014-2020

*Unha maneira de  
facer Europa*

# COMPOSTAXE DOMÉSTICA E RECOLLIDA SELECTIVA



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

## INTRODUCCIÓN

Cada galego produce unha media de 1,05 quilos de residuos ao día. Máis do 40% do lixo que se xera nos fogares está formado por materia orgánica, cuxo destino habitual, no caso dos 294 concellos adheridos ao modelo Sogama, son os contedores verdes convencionais, nos que tamén deben ser depositados os materiais non reciclables, que son sometidos a un proceso valorización enerxética, convertíndoos, con todas as garantías ambientais e para a saúde pública, en electricidade.

Agora ben, en determinados ámbitos existe a posibilidade de transformar esta materia orgánica en compost, un fertilizante natural con excelentes propiedades para o solo. O proceso resulta moi sinxelo, xa que se trata de recuperar unha práctica tradicional en Galicia a través da separación dos residuos orgánicos en orixe para elaboración de abono ou alimento do gando.

Neste marco, os participantes do programa de autocompostaxe poderán fabricar o seu propio compost, contribuíndo a:

- Reducir a cantidade dos residuos producidos mediante a reciclaxe da materia orgánica.
- Eliminar ou, alomenos, minimizar o excesivo uso de fertilizantes químicos.
- Diminuír a frecuencia de recollida dos contedores xenéricos por parte dos servizos municipais, así como o custo económico que trae consigo a súa correcta xestión e tratamento.
- Minorar o número de desprazamentos que os habitantes do rural deben realizar aos contedores, polo xeral moi distanciados das vivendas debido precisamente á grande dispersión da poboación.

## QUE É A COMPOSTAXE DOMÉSTICA

A compostaxe doméstica é o proceso de descomposición biolóxica dos materiais orgánicos xerados no fogar, como é o caso dos restos de comida e podas, obtendo un produto final, o compost, que pode ser utilizado como acondicionador de solos nos propios xardíns e hortas das vivendas que o fabrican.

## QUE SE NECESITA PARA FACER COMPOST

- Un espazo axeitado na horta ou xardín.
- Un composteiro onde depositar os restos orgánicos (aínda que se trata dun recipiente que non é imprescindible).
- Residuos de cociña (restos de verduras, froitas, etc...).
- Residuos do xardín (restos de poda, follas secas, céspede, etc...).
- Un aireador (pincho, pá, etc...) para remover o compost.

- Unha pá para recoller o abono obtido.

- Auga.

## APLICACIÓNS DO COMPOST

Se as condicións son boas, en poucos meses xa se pode recoller o compost, que semella unha terra negra/marrón escura, con olor a bosque e temperatura ambiente, e que contén substancias nutritivas que melloran a calidade do solo.

Se producimos moito compost, podemos usalo para mesturar con terra, reechar plantóns e transplantes, así como diluílo en auga, xa que a auga compostada, dada a súa concentración de nutrientes, é moi boa para o rego.

No caso de que obteñamos pouca cantidade, podemos mesturalo con terra e usalo como a turba ou terra especial para sementeiros e transplantes.

## BENEFICIOS DO COMPOST

- Sobre a estrutura do solo: debido ao seu carácter aterronado, o compost facilita a formación de conglomerados, permitindo así manter unha correcta aireación e humidade do mesmo.
- Sobre a saúde do solo: dada a súa condición de produto natural, sen compostos químicos e libre de patóxenos, actúa en moitos casos como bactericida e fungicida.
- Sobre as plantas: ao ser un produto rico en nutrientes e macronutrientes, convértese nun excelente abono, contribuíndo a que as plantas teñan unha maior resistencia ás pragas e enfermidades.

## RECOLLIDA SELECTIVA

O cidadán desempeña un papel crucial na xestión sostible dos residuos urbanos. A súa colaboración na redución da produción de lixo, a través dun consumo racional e responsable, a reutilización de materiais o maior número de veces posible antes de convertelos en residuos e a súa activa participación nos mecanismos de recollida selectiva, dará lugar a que a porcentaxe de lixo sometido a tratamento final sexa menor, coas conseguíntes vantaxes ambientais, económicas e sociais.

Ademais da selección de materia orgánica para a fabricación de compost doméstico, faise preciso separar o resto de materiais por tipoloxías e depositalos nos contedores correspondentes.

## CONTEDOR AMARELO

Debes depositar latas, briks e envases de plástico:

- Botellas de plástico que contiveran líquidos (aceites vexetais, refrescos auga, leite, ...).

- Botes de plástico que contiveran produtos de aseo ou limpeza (xel de baño, champú, limpiadores do fogar, suavizante, etc).
- Botes de cosméticos.
- Tubos de dentífrico.
- Bandexas de aluminio, porexpán ou cortiza branca.
- Redes de envoltorios de froitas, hortalizas e verduras.
- Plásticos film e envoltorios de aluminio.
- Bolsas de plástico dos comercios.
- Envases plásticos de manteiga, iogur ou aperitivos.
- Latas de conservas, de bebidas e de refrescos.
- Briks de leite, batidos, viño, zumes.
- E, en xeral, todos os envases de plástico, latas e briks que leven impreso o punto verde.

**Non debes depositar:** Residuos de plástico que non sexan envases: xoguets, cepillos de dentes, rotuladores, cintas de vídeo, carretes de fotos, cables, enchufes, etc.

## CONTEDOR AZUL

Debes depositar papel e cartón:

- Xornais e revistas.
- Papel de envolver ou embalar.
- Libros.
- Follas de apuntes.
- Cadernos sen argolas, sen grampas e sen arames.
- Cartóns de ovos.
- Caixas de cartón (de galletas, cereais, zapatos, ...).
- Envases de papel (de arroz, fariña, azucre, ...).
- Acolchado de embalaxes (cando sexa de papel ou cartón).

**Non se deben depositar neste recipiente** papeis tratados-encerados, plastificados, de calco, sucios ou con restos de graxa.

## IGLÚ VERDE

Debes depositar envases de vidro:

- Botellas de vidro de calquera cor.
- Tarros de vidro.
- Frascos de conservas.
- Tarros de cosmética e perfumería.